

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE LOBEIRA, MUÍÑOS, PADRENDA, A PORQUEIRA, QUINTELA DE LEIRADO, RAIRIZ DE VEIGA, RAMIRÁS, SANDIÁS, SARREAUS E VEEA PARA A POSTA EN MARCHA NESTES CONCELLOS DUN SERVIZO DE BIBLIOTECA MÓBIL

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Dunha parte, a **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude** (en adiante, a consellería) e no seu nome e representación, D. José Carlos López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, os concellos que a continuación se indican, representados pola Presidencia/Alcaldía, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 24 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local:

- **o Concello de Lobeira**, e no seu nome e representación, D. Antonio Iglesias Álvarez.
- **o Concello de Muíños**, e no seu nome e representación, D. Plácido Álvarez Dobaño.
- **o Concello de Padrenda**, e no seu nome e representación, D. Manuel Pérez Pereira.
- **o Concello da Porqueira**, e no seu nome e representación, Dña. Susana Vázquez Dorado.
- **o Concello de Quintela de Leirado**, e no seu nome e representación, D. José Antonio Pérez Cortés.
- **o Concello de Rairiz de Veiga**, e no seu nome e representación, Dña. Josefa Asunción Morgade Rúa.
- **o Concello de Ramirás**, e no seu nome e representación, Dña. Isabel Gil Álvarez.



- **o Concello de Sandiás**, e no seu nome e representación, D. Felipe Traveso García.
- **o Concello de Sarreaus**, e no seu nome e representación, D. Gumersindo Lamas Alvar
- **o Concello de Verea**, e no seu nome e representación, D. José Antonio Pérez Valado.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir este convenio e na súa virtude,

MANIFESTAN

Primeiro. As institucións que representan, asumindo as responsabilidades que legalmente lles corresponden na creación de recursos de lectura pública, consideran oportuno xuntar esforzos e cooperar na mellora do acceso ao libro e á lectura, facilitándolle á veciñanza unha lectura gratuíta e un lecer creativo e enriquecedor, favorecido polas novas posibilidades para satisfacer tales demandas a través do servizo bibliotecario.

Segundo. A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establece que a dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas serán exercidas pola consellería competente en materia de bibliotecas, a través do centro directivo competente nesta materia. Correspóndelle ao órgano administrativo de dirección e coordinación a adaptación aos cambios tecnolóxicos e sociais que afecten aos servizos bibliotecarios.

Terceiro. A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establece que os concellos de menos de 2.000 habitantes poderán ser atendidos por servizos bibliotecarios móbiles, que teñen como finalidade ofrecer o servizo de lectura pública en zonas onde non haxa punto de servizo fixo.

Cuarto. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, puxo en marcha en 2023 un servizo bibliotecario móbil en dez concellos da provincia de Ourense e outros dez da provincia de Lugo. Este servizo obtivo boa acollida pola cidadanía e os seus resultados acreditan que se trata dun recurso eficaz para acadar os obxectivos de fomentar a lectura, estender a cultura, favorecer a aprendizaxe e promover a socialización.

Quinto. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e os concellos de Lobeira, Muíños, Padrenda, A Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Sandiás, Sarreaus e Verea consideran beneficioso implantar na Rede de Bibliotecas de Galicia un novo servizo bibliotecario a través dunha biblioteca móbil que desenvolva a súa actividade nos citados municipios.



A creación do servizo de biblioteca móbil supón para a veciñanza dos concellos:

- a) O desfrute dun servizo bibliotecario de calidade e de proximidade centrado na poboación á que se dirixe.
- b) Un servizo que nace coa misión de xestionar a información de cara á contribución á aprendizaxe e ao divertimento, mediante servizos prestados de xeito continuado que promovan o coñecemento para as persoas usuarias.
- c) A oferta dun recurso cultural, social, de apoio á aprendizaxe e favorecedor da creatividade nun mesmo espazo.
- d) O acceso cidadán aos servizos das bibliotecas da Rede de bibliotecas de Galicia.
- e) O carné único da Rede de bibliotecas de Galicia, que lles dá acceso ás persoas usuarias a todos os servizos de todas as bibliotecas físicas integradas na Rede así como o acceso á plataforma de préstamo en liña GaliciaLe.

Sexto. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, á vista da necesidade e do interese dos concellos por proporcionar á veciñanza o servizo de biblioteca pública, iniciou un proceso de licitación do contrato de servizos para a xestión e dinamización dunha biblioteca móbil en agrupacións de concellos de Ourense e Lugo, un de cuxos lotes corresponde ao ámbito territorial dos concellos referidos no punto anterior.

Sétimo. Para acadar a maior eficacia do servizo, é necesaria a coordinación da biblioteca móbil cos servizos culturais, educativos e sociais que operen na área de referencia, promovendo a participación da biblioteca na súa contorna de xeito que se converta nun centro impulsor de actividades culturais da localidade.

Oitavo. Para cubrir as necesidades da posta en marcha do servizo de biblioteca móbil e polas propias características do servizo, faise necesario definir, de entre os concellos integrantes do proxecto, un concello que sirva como base física para o servizo de biblioteca móbil.

Preferentemente, este concello deberá atoparse xeograficamente nun lugar céntrico que facilite o desprazamento aos demais puntos de servizo e ademais, contar con instalacións municipais que a biblioteca móbil poida empregar como espazo base loxístico.

Noveno. A consellería ten entre as súas misións a expansión e o desenvolvemento da Rede de Bibliotecas e dos seus servizos para achegalos a toda a poboación para mellorar a cohesión social, así como a innovación na prestación dos servizos bibliotecarios.

Décimo. É de interese para os concellos asinantes colaborar, no marco do seu ámbito competencial, coa Xunta de Galicia na posta en marcha do servizo de biblioteca móbil



que se prestará na súa malla territorial e que favorecerá a prestación do servizo en igualdade de condicións para toda a poboación galega.

En virtude do exposto anteriormente, as partes reunidas acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre as partes asinantes para a posta en marcha, dun servizo de biblioteca móbil dentro da Rede de Bibliotecas de Galicia que atenderá ao ámbito territorial dos concellos asinantes, así como o establecemento dos dereitos e das obrigas que, derivadas da dita posta en marcha, lles corresponden a cada unha das partes.

O servizo de biblioteca móbil é o instrumento que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pon ao dispor dos concellos asinantes coa finalidade de mellorar a carta de servizos que ofrecen á veciñanza no seu conxunto.

SEGUNDA. CONTIDO DO SERVIZO DE BIBLIOTECA MÓBIL

A biblioteca móbil prestará, como mínimo, os seguintes servizos en todos os puntos de atención:

- Recomendacións de lectura que traten de satisfacer as expectativas das persoas usuarias.
- Préstamo e devolución de libros e outros materiais bibliográficos.
- Asistencia ás persoas usuarias no acceso aos catálogos en liña (OPAC) da Rede de Bibliotecas de Galicia así como á consulta e obtención de préstamos da plataforma de préstamo electrónico GaliciaLe.
- Servizo de referencia para o acceso á información a través dos medios físicos ou electrónicos dispoñibles na biblioteca.
- Apoio ás persoas que o precisen para o manexo básico dos dispositivos informáticos facilitados pola biblioteca.
- Expedición de carnés de lector/a da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- Actividades de dinamización lectora e cultural.

Estará dotada cun vehículo tipo furgoneta, materiais para o préstamo e os medios materiais e técnicos necesarios e atendida por persoal coa capacitación suficiente para o desempeño das tarefas propias do servizo.

A biblioteca móbil percorrerá os municipios de forma itinerante, procurando atender tanto aqueles puntos que, pola concentración de servizos e vivendas acaden unha maior afluencia de público, como os núcleos e aldeas afastadas nos que se poida



ofrecer un servizo máis personalizado. Os itinerarios serán fixados pola consellería en coordinación cos concellos participantes.

TERCEIRA. OBRIGAS DA XUNTA DE GALICIA

A Consellería comprométese a:

- a) Implantar e manter o servizo de biblioteca móbil no ámbito territorial dos concellos asinantes do convenio.
- b) Dotar o servizo cos recursos persoais, materiais e de promoción que sexan necesarios para o seu correcto funcionamento, sen prexuízo das obrigas que correspondan ao concello base do servizo.
- c) Coordinar cos concellos asinantes os aspectos necesarios para acadar a prestación de servizos bibliotecarios de calidade no territorio dos concellos asinantes.
- d) Colaborar solidariamente e intercambiar cos concellos participantes toda a información no que atinxe á posta en marcha e desenvolvemento do servizo.

CUARTA. OBRIGAS DOS CONCELLOS

Os concellos asinantes comprométense a:

- a) Colaborar coa Consellería e co resto de concellos participantes na posta en marcha do servizo, intercambiando toda a información precisa para o seu correcto desenvolvemento.
- b) Prestar apoio loxístico e funcional municipal ao servizo de biblioteca móbil, colaborando na definición das rutas que deberá seguir, fixando e facilitando a instalación nos espazos físicos onde se instale, como recintos feirais, instalacións municipais e outros.
- c) Dar cobertura municipal ao servizo que permita o normal desenvolvemento deste, facilitando a definición e o acompañamento do servizo por parte dos servizos municipais e a resolución de posibles incidencias.
- d) Comunicar as modificacións, incidencias, queixas ou reclamacións que se produzan no termo municipal coa prestación do servizo á consellería de forma inmediata, para facilitar a súa resolución e permitir a prestación do servizo con parámetros de calidade altos.
- e) Nomear unha persoa interlocutora entre a biblioteca móbil e o concello e a Xunta de Galicia que colabore no seguimento do servizo.

QUINTA. CONCELLO BASE DO SERVIZO

O Concello que funcionará como base loxística deste servizo será o da Porqueira. Se por calquera incidencia este concello non puidera prestar este servizo, a Comisión de seguimento deste convenio nomeará outro dos concellos asinantes que poida asumir



as obrigas establecidas na cláusula sexta.

SEXTA. OBRIGAS DO CONCELLO BASE DO SERVIZO

Sen prexuízo das obrigas xerais que lle corresponden de acordo coas cláusulas precedentes, o concello base do servizo comprométese a:

- a) Dotar a biblioteca móbil cun espazo municipal onde establecer a base do servizo para toda a comarca, que funcione como oficina do servizo.
O local deberá estar dotado con mobiliario de oficina e almacenaxe, contar con conexión a internet e aseo e dispor das condicións de seguridade e saúde precisas para o desempeño do traballo, incluídas as de iluminación, ventilación e temperatura.
- b) Proporcionar un espazo municipal que funcione como garaxe. Será necesario un espazo onde gardar a cuberto e con seguridade a furgoneta polas noites e os días que non estea en funcionamento.
- c) Asumir os gastos correntes do local que se use como base loxística: enerxía eléctrica, auga, conexión a internet, limpeza, calefacción... e do espazo que se destine a garaxe da furgoneta.
- d) Prestar asistencia, a través dos medios propios, para garantir a recollida e envío de materiais da biblioteca móbil (carnés de lector, prensa, libros...) fóra do horario de presenza da persoa encargada.
- e) Coordinar os servizos municipais, resolvendo as incidencias que poidan xurdir nos espazos municipais nos que se preste o servizo.

SÉTIMA. OBRIGAS FINANCEIRAS

A execución deste convenio non supón novos compromisos económicos adicionais para as partes asinantes diferentes aos que poidan asumir a través dos seus medios propios e mediante as aplicacións orzamentarias ordinarias que faciliten o seu funcionamento ordinario.

A execución deste convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

OITAVA. RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa, polo que a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.



Seránlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- Artigo 24 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 21 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia en relación co Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

NOVENA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento, formada pola persoa titular da Dirección Xeral de Cultura da Consellería e polas persoas titulares das alcaldías dos concellos asinantes, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes neste convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan formularse.

Tamén nomeará o concello que asumirá as obrigas de ser base loxística do servizo no suposto sinalado na cláusula quinta.

DÉCIMA. CAUSAS DE PERDA DA EFICACIA



O convenio quedará sen efecto no caso de finalización do contrato de servizos para a xestión e dinamización da biblioteca móbil no ámbito territorial dos concellos asinantes, sen que se inicien os trámites para a continuación do servizo, ou cando sexa imposible a súa prestación por causas sobrevidas.

Así mesmo, calquera das partes poderá desistir da súa participación no convenio comunicándoo ao resto dos asinantes cunha antelación mínima de dous meses á data dos efectos prevista. Neste caso, a Consellería poderá promover a incorporación dun novo concello que pola súa situación e características permita estender o servizo en condicións similares. Esta incorporación requirirá da sinatura dun acordo de adhesión a este convenio.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente de resolución respecto da parte incumpridora.

DÉCIMO PRIMEIRA. TRANSPARENCIA

A partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, os concellos asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude terá a condición de responsable do tratamento dos datos persoais que se deriven deste convenio e da xestión xeral da Rede de bibliotecas de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado



electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA. VIXENCIA

Este convenio terá unha vixencia de dous anos a partir do día seguinte ao da súa sinatura. Antes do remate deste prazo as partes asinantes poderán acordar a súa prórroga ata un máximo de catro anos adicionais, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Calquera das partes asinantes poderá comunicar a súa renuncia a prorrogar a súa participación no convenio cunha antelación mínima de dous meses á finalización da vixencia prevista.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e todas elas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese no lugar arriba indicado.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

José Carlos López Campos

O ALCALDE DO CONCELLO
DE LOBEIRA
Antonio Iglesias Álvarez

O ALCALDE DO
CONCELLO DE MUÍÑOS
Plácido Álvarez Dobaño

O ALCALDE DO
CONCELLO DE PADRENDA
Manuel Pérez Pereira

A ALCALDESA DO
CONCELLO DA PORQUEIRA
Susana Vázquez Dorado

O ALCALDE DO
CONCELLO DE QUINTELA
DE LEIRADO
José Antonio Pérez Cortés

A ALCALDESA DO
CONCELLO DE RAIRIZ DE
VEIGA
Josefa Asunción Morgade
Rúa

A ALCALDESA DO
CONCELLO DE RAMIRÁS
Isabel Gil Álvarez

O ALCALDE DO
CONCELLO DE SANDIÁS
Felipe Traveso García.

O ALCALDE DO
CONCELLO DE SARREAUS
Gumersindo Lamas Alvar

O ALCALDE DO CONCELLO
DE Verea
José Antonio Pérez Valado